


A oferta de vacantes no CXT duplicábase nos corpos de secundaria.

O traballo realizado centro a centro pola CIG-Ensino provocou o desbloqueo da oferta de vacantes, o que supón un antes e un despois nas especialidades de secundaria e FP.




Pontevedra. Houbo que vencer reticencias da propia Xunta que en anos anteriores se negara a facelo e tamén de determinados sindicatos. O acerto da proposta da CIG queda agora á vista cuns resultados que avaliamos moi positivamente.

Un incremento moi importante de prazas que marca un antes e un despois.

Despois de anos de insistencia e con estudos pormenorizados elaborados desde o sindicato, coas achegas de profesorado e centros, conseguimos para este ano 2019 un dos obxectivos que desde a **CIG-Ensino** nos tiñamos fixado no que ten a ver coa oferta de prazas definitivas nos concursos de traslados, desbloqueando a oferta de vacantes en Secundaria, desde as 890 iniciais ás 1821 provisionais presentadas na reunión da comisión técnica. A cifra verase incrementada lixeiramente (sobre unhas 14 prazas) logo do resultado final da reunión.

Esta comisión foi aceptada pola Consellaría logo da proposta da **CIG-Ensino** de trasladar a negociación a nivel nacional logo da ausencia de negociación nas Xuntas de Persoal, nomeadamente nas da Coruña e

A CIG-Ensino promoveu no outono de 2018 un estudo pormenorizado que nos levou a contrastar os datos



con todos os centros. A principios de xaneiro remitimos un informe pormenorizado á Consellaría. A propia administración empregou o noso traballo como documento de traballo e base da negociación na comisión técnica do 5 de febreiro.

Desde a **CIG-Ensino** amosamos a nosa satisfacción polos efectos positivos do traballo realizado e agradecemos publicamente toda a información proporcionada pola nosa afiliación, os equipos directivos e o profesorado en xeral. Somos conscientes que o paso dado implica un

cambio cualitativo na práctica da administración educativa e que esta non se tería producido sen a nosa insistencia e sen o apoio do profesorado, tanto pola información como polo apoio de case 12.000 docentes na recollida de sinaturas pola recuperación de dereitos, na que expresamente se recollía a problemática causada polo alto índice de provisionalidade nos corpos de secundaria.

A Subdirección Xeral alegou na reunión da comisión técnica que logo do “desbloqueo” conseguido neste concurso, as negociacións nos vindeiros anos volverán ás Xuntas de Persoal. A experiencia de anos anteriores non invita a pensar en positivo polo que a **CIG-Ensino** estará vixilante de que a dinámica que se rompeu neste concurso non reapareza de novo.

Como sindicato reafirmamos o noso obxectivo de que o profesorado acade canto antes o seu destino definitivo, cun prazo que non vaia máis alá dos dous anos após aprobar as oposicións. Mais para garantir

a mobilidade é preciso que a transparencia na negociación, que si se produciu este ano, cun contraste praza a praza de todas as propostas que a CIG propuxo, sexa unha realidade nos próximos anos.

Demandamos unha discriminación positiva no rural que non foi atendida.

Desde a CIG-Ensino defendemos un tratamento diferente nos criterios empregados para decidir a oferta de prazas nos centros rurais. Non é igual a situación que existe en centros de dimensións medias e grandes ao respecto dos centros pequenos de concellos rurais. Por iso entendemos que deben cubrirse as prazas existentes cun menor número de horas, garantindo unha maior estabilidade en centros nos que a maioría do claustro está composto por profesorado sen destino definitivo. A

Consellaría non aceptou a nosa proposta con carácter xeral.

Prazas vacantes sen profesorado que poida pedilas.

Hai vacantes de determinadas especialidades de réxime especial (EOI, artes escénicas, deseño) das que non existe profesorado funcionario de carreira, ao ser todo o profesorado interino. Malia isto todos os anos se ofertan. A CIG-Ensino non é partidaria de facelo e, de ser así, que teñan perfil lingüístico como se aceptou nas prazas de cátedras no CMUS Superior.

O incremento do
105% de vacantes
afecta á practica
totalidade das
especialidades.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal